

po libre: vídeos, vídeo-juegos, juguetes, juegos educativos o similares; *c*) programas cuya finalidad sea garantizar la transmisión intergeneracional del euskara; *d*) proyectos para fomentar el uso del euskara en el ocio y el deporte, en el ámbito laboral y en la publicidad y márketing; *e*) programas para incentivar el hábito de la lectura en euskara; *f*) programas destinados a la promoción de los diferentes dialectos en euskara; *g*) actividades dirigidas a la celebración de efemérides relacionadas con el euskara, con la historia de la lengua y/o con aquellos personajes que han sido protagonistas relevantes en su desarrollo en diferentes aspectos; *h*) actividades y/o campañas de publicidad dirigidas a fomentar el prestigio social del euskara.

Una tercera Orden de la consejera de Cultura, ésta también del 2 de septiembre y publicada en el BOPV núm. 177, de 13 de septiembre, en la misma línea de fomento del euskara regula la concesión de ayudas a personas jurídico-privadas que desarrollen una labor de promoción, difusión y/o normalización del euskara en el ámbito de las nuevas tecnologías de la información y de la comunicación. Los proyectos que podrán recibir subvención, que deberán estar elaborados íntegramente en euskara y tener por objeto la promoción del euskara, son éstos: *a*) *software* (original o adaptado) destinado a trabajar en euskara o para ayuda del usuario; *b*) lenguajes informáticos y sus desarrollos; *c*) proyectos multimedia: trabajos publicados en un único soporte, que engloban distintos tipos de media; *d*) gestor de documentación o *software* destinado a recopilar, guardar, gestionar e intercambiar información sobre el euskara; *e*) servicios y productos destinados a extender el uso del euskara a través de Internet. Esta Orden sufre modificaciones en algunas cuestiones técnicas por medio de una Orden de 10 de octubre (BOPV núm. 200, de 16 de octubre).

I. 4. GALICIA

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Xefe do Servizo de Normalización lingüística
do Concello de Redondela

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

FOMENTO

Orde do 11 de novembro de 1996 pola que se regula a concesión de subvencións a empresas editoriais para a edición de libros e materiais di-

dácticos, para niveis non universitarios, impresos en lingua galega (DOG núm. 240, do 10 de decembro de 1996).

A presente orde vai dirixida ás editoriais legalmente constituídas como empresas privadas que elaboren material escolar incluíble no seu ámbito de aplicación.

Terán a condición de suxeitos tódalas empresas privadas susceptibles de encadrarse no parágrafo precedente, con independencia das clasificacións legais de carácter fiscal ou mercantil que supoña o emprego do termo *editorial*.

Subvenciónanse os libros e o material didáctico que cumpran as seguintes condicións:

1. Estar correctamente escritos en galego, segundo o disposto na lexislación vixente.
2. Corresponder ós niveis de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, postobrigatoria (bacharelato, formación profesional, módulos profesionais), educación especial e educación permanente de adultos. Poderanse acoller tamén os libros destinados ó ensino especializado e ó non regrado.
3. Aterse ó disposto no Decreto 89/1993, do 19 de abril, e nas súas ordes de desenvolvemento, polo que se regula a autorización de libros de texto e outros materiais curriculares para o ensino de réxime xeral.

Quedan excluídos os libros de bibliófilo, os destinados a seren distribuídos gratuitamente, os publicados por clubs do libro ou entidades similares; destinados a seren distribuídos entre os seus subscritores, os de venda a prazos, os que, publicados no prazo de vigor desta orde, recibisen xa ou tivesen asignado algún tipo de axuda por parte dalgún ente público, os libros de uso escolar correspondentes ás áreas ou materias de lingua e literatura galega.

Orde do 13 de novembro de 1996 pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades e institucións sen fin de lucro para a realización de cursos e doutras actividades formativas de lingua galega (DOG núm. 252, do 27 de decembro de 1996).

Consonte co que lles ordena ós poderes públicos a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para que garantan o uso normal do galego como lingua propia e oficial da Comunidade Autónoma, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística concede subvencións a aquelas entidades e institucións sen fin de lucro, legalmente constituídas que, aténdose ás condicións referidas

nesta orde, organicen e realicen en Galicia de forma totalmente gratuíta cursos e outras actividades formativas de lingua galega.

Orde do 20 de novembro de 1996 pola que se aproban as bases que rexe-rán no concurso público de trece bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se están desenvolvendo no Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, e anúnciase a súa convocatoria (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 1997).

Convócanse bolsas cunha asignación mensual de 122.000 pesetas para un período de desfrute que rematará o 31 de decembro de 1997, consi-gnándose no Anexo da Orde as finalidades das mesmas: Unha bolsa para co-laborar no proxecto de lírica medieval galego-portuguesa; unha bolsa para colaborar no proxecto de informes anuais de literatura; unha bolsa para colaborar no proxecto de prosa medieval galego-portuguesa; unha bolsa para colaborar no proxecto Corpus Documentale Latinum Gallaeciae; unha bolsa para colaborar no proxecto Dimensións da identidade colecti-va en Galicia; unha bolsa para colaborar na catalogación informática dos fondos bibliográficos do centro; tres bolsas para colaborar no proxecto de construción, etiquetación e lematización do corpus de referencia do galego actual; dúas bolsas para colaborar no proxecto de construción dun sin-tetizador texto-voz en galego.

Orde do 25 de novembro de 1996 pola que se regula a concesión de subvencións ás reais academias, colexios profesionais, asociacións de em-presarios, cámaras de comercio e entidades análogas para a realización de actividades de promoción da lingua galega (DOG núm. 250, do 24 de de-cembro de 1996).

Para dar cumprimento ó disposto na Lei 3/1983 de normalización lin-güística, que establece a posibilidade de lles conceder subvencións ás aso-ciacións e institucións sen fin de lucro, constituídas na nosa Comunidade Autónoma ou fóra dela, que realicen actividades de promoción da lingua galega, desenvolvendo determinados proxectos ou organizando actuacións diversas coa mesma finalidade.

Subvencionaranse as actividades obxecto da presente orde que empre-guen correctamente o galego como lingua oficial, segundo o disposto na le-xislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro), que teñan como finalidade a difu-sión e implantación da lingua galega e se leven a cabo entre o 1 de novem-bro de 1996 e o 15 de outubro de 1997. Exclúense o financiamento de ma-teriais ordinarios de traballo das entidades como: papel, selos, sobres, ordenadores, bolsas, máquinas de escribir, etc.

Os criterios que se utilizarán para a concesión son: 1) O ámbito que abrangue a actividade, tanto cuantitativa como cualitativamente considerado; 2) A claridade na exposición do proxecto, fundamentalmente no tocante ás actuacións que se van realizar, a súa vinculación coa difusión da lingua galega e a xustificación da súa idoneidade para a consecución dos obxectivos fixados; 3) A perdurabilidade no tempo dos resultados que se pretenden obter das actuacións propostas.

Orde do 26 de novembro de 1996 pola que se regula a concesión de subvencións a empresas privadas para accións de promoción da lingua galega (DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 1997).

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten o obxectivo de fomentar o uso da lingua galega nas actividades mercantís, comerciais e publicitarias, coa finalidade de cumprilo disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Os criterios que rexen para a concesión son:

1. A promoción da lingua galega en actuacións de carácter permanente; 2) A formación en galego do seu cadro de persoal; 3) A normalización da documentación da empresa; 4) A modificación, por realizarse en lingua galega, do nome comercial, a marca, as marcas colectivas e de garantía, de acordo co establecido na Lei 32/1988, do 10 de novembro de marcas (BOE núm. 272, do 12 de novembro); 5) O ámbito que abrangue a actividade tanto cuantitativa como cualitativamente considerado.

Resolución do 2 de decembro de 1996 pola que se prorrogan 23 bolsas de colaboración nos distintos proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro (DOG núm. 2, do 3 de xaneiro de 1997).

O Centro «Ramón Piñeiro» de Investigacións Lingüísticas e Literarias, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, convoca bolsas de colaboración, concede prórrogas ós dezanove bolseiros que prestan a súa colaboración nalgún dos proxectos de investigación que se están realizando no centro.

Orde do 3 de xaneiro de 1997 pola que se regula a concesión de subvencións a asociacións e institucións sen fin de lucro para a realización de actividades de promoción da lingua galega (DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 1997).

Esta orde vai dirixida ás institucións sen fin de lucro legalmente constituídas, agás as dependentes de entidades locais, as asociacións de pais de

alumnos, os movementos de renovación pedagóxica e as diferentes agrupacións das entidades antes citadas.

Considéranse criterios preferentes de concesións da subvencións, sen orde de prelación, os seguintes:

1. O ámbito que abranga a actividade, tanto cuantitativa como cualitativamente considerado.
2. A súa relación cos eidos lingüístico-cultural da realidade galega no prazo de vixencia desta orde.
3. A viabilidade do proxecto.

Queda excluído o financiamento de materiais ordinarios de traballo das institucións como: papel, selos, sobres, ordenadores, máquinas de escribir, rótulos e os elementos de publicidade como bolígrafos, acendedores, chaveiros, pins, etc.

Orde do 2 de xaneiro de 1997 pola que se regula a concesión de subvencións a xornaes revistas para a edición de suplementos didácticos (DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 1977).

Por unha contía de 40 millóns de pesetas, convócanse subvencións en réxime de concorrencia competitiva para a edición de suplementos didácticos en lingua galega. A presente orde vai dirixida ás empresas editoriais que elaboren xornais e revistas de carácter non institucional. Os criterios de concesión, son: *a)* os presentados por empresas xornalísticas que empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo; *b)* a periodicidade da publicación; *c)* as tiradas de exemplares e maila súa difusión; *d)* o arraigo social do suplemento como vehículo de promoción lingüística.

Consellería de Cultura e Comunicación Social

Orde do 12 de decembro de 1996 pola que se convocan subvencións a empresas editoriais para apoiar a edición do libro en galego, a tradución para o galego e a edición noutras linguas de obras publicada orixinarimente en galego (DOG núm. 253, do 30 de decembro de 1996).

Considera a Consellería de Cultura e Comunicación Social que a capacidade da nosa lingua para ser portadora de calquera mensaxe fai ós galegos acredores do dereito a teren acceso ás obras de creación escritas noutras linguas, e ó mesmo tempo, tendo en conta a calidade que a literatura galega ten acadado nos últimos anos, considera fundamental que as obras

escritas en galego poidan ser lidas por outros pobos con lingua de seu, para, deste xeito, dar a coñece-la nosa literatura fóra de Galicia. Velaí porque se convocan subvencións a empresas do sector editorial para apoia-la edición en galego, a traducción para o galego, e a traducción e edición noutras linguas de obras escritas orixinariamente en galego.

Na valoración das solicitudes teranse en conta os seguintes aspectos:

a) Nivel de cumprimento de anteriores compromisos de edición; o seu incumprimento será razón suficiente para a denegación da subvención; b) Importancia do fondo editorial en galego ou relacionado con Galicia do editor solicitante; c) Calidade das obras contidas no catálogo; d) Esfuerzo que supón para o editor a incidencia da obra en ámbitos de especial importancia cultural pero pouca demanda comercial; e) Importancia do investimento realizado en capital e en persoal pola empresa arredor do libro galego; f) Continuidade dentro dunha colección.

Escola Galega de Administración Pública

Resolución do 23 xaneiro de 1997 pola que se anuncia o IV curso de especialización en linguaxe administrativa galega pra funcionarios de Administración local.

Os cursos terán unha duración de 100 horas, distribuídas en 75 horas lectivas, 10 horas de exames e 15 horas de elaboración e defensa de traballos. Para os alumnos matriculados, segundo esta convocatoria, que teñan que se desprazar fóra do concello onde radique o seu posto de traballo establécense as seguintes axudas, para tódolos conceptos, que percibirán os asistentes ó remate do curso e que se reducirán nun 50% para os que o realicen por segunda vez:

Distancias desde o concello ou deputación de orixe ata o lugar de realización do curso: a) inferior a 30 kms: 20. 000 pesetas; b) entre 30 a 60 kms: 40. 000 ptas.; c) máis de 60 kms: 50. 000 ptas.